

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso da valoración e atención á dependencia

Sr. conselleiro de Política Social
Edificio Administrativo San Caetano
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expedientes: G.6.Q/221/18 ao G.6.Q/252/18

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Sr. conselleiro.:

Nesta institución iniciáronse expedientes de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] en nome de [REDACTED] e 32 persoas máis polo retraso da súa valoración e atención á dependencia.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que dende o departamento de servizos sociais do Concello de Carballeda de Avia dan a coñecer a situación das persoas con limitacións e necesidades de apoio e axuda para realizar as actividades básicas da vida diaria residentes no concello. Teñen tramitadas as solicitudes de dependencia dende hai mais dun ano en algunhas situacións e aínda están a espera de ou ser valorados. Os que foron valorados aínda nin recibiron a resolución da valoración que lles daría dereitos a ser usuarios do servizo solicitado.

Adxunta documento onde se enumera e se rexistra nomes, apelidos, DNIs, recurso solicitado, servizo de axuda no fogar, e data de rexistro da solicitude de dependencia.

En dito documento unicamente aparecen as solicitudes realizadas dende o concello dende hai mais de 6 meses (nalgúns casos chegan o ano). Consta que a día de hoxe aínda están a espera do recurso solicitado (SAF, que é o que se presta dende o concello) e por tardanza da xunta.

Existen horas libres e dispoñibles para a súa adxudicación a ditas persoas que dende hai un ano ou mais de 6 meses e aínda están a espera do servizo solicitado. A maioría de ditas persoas que aparecen no listado, son usuarios do servizo de axuda no fogar (comunmente coñecido como "básica" ou "libre concorrencia"), o que significa que un concello tan pequeno e de escasos recursos económicos teña que facer un gran esforzo orzamentario para manter durante meses o servizo a ditas persoas, que están en situación de dependencia, aínda que non foron valoradas aínda pola administración. Teñen solicitada a valoración dende hai mais de 6, 7, 8, 9, 10... meses, incluso do ano.

Expúxoselle o propio conselleiro de política Social nunha reunión mantida tanto co alcalde do concello coma ca traballadora social a principios do mes de novembro do 2017.

Dende dita reunión a lista de espera existente no concello segue a ser a mesma; o persoas na lista de espera con horas libres para adxudicar, existindo realmente persoas con necesidade de apoio a agarda do servizo.

2. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

"... O escrito de interposición da queixa desglosa os casos en tres listaxes, polo que esta contestación está redactada respectando a orde das listaxes de persoas tal e como as ordenou a persoa recorrente.

Estudado cada un dos casos, desglósanse persoa a persoa tódolos datos que constan nesta administración respecto.

O Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Política Social informa, en data 23 de febreiro de 2018, o seguinte:

"As causas do retraso na valoración de grao de dependencia da persoa solicitante son debidas á actual carga de traballo do persoal técnico valorador do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Política Social.

Os expedientes que están en fase de tramitación para a elaboración e resolución do Programa Individual de Atención, tramítanse respectando a orde de prelación establecida normativamente para a instrución do procedemento que dá prioridade ás persoas dependentes con maior grao de dependencia e menor capacidade económica."

Solicitudes de dependencia pendentes de valorar ou xa valorados pendentes de resolución de valoración, e por tanto a espera do servizo solicitado.

1. [REDACTED], DNI [REDACTED] presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 20/02/2017. Foi valorada o 12/12/2017 obtendo unha puntuación no BVD de 18 puntos, e polo tanto sen grao de dependencia. Aínda non hai resolución porque ten que valorarse de novo.
2. [REDACTED], DNI [REDACTED], presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 20/02/2017. Foi valorada o 22/12/2017, obtendo unha puntuación no BVD de 35,00 puntos, o que se corresponde cun grao I de dependencia. A resolución de recoñecemento da situación de dependencia e o Programa Individual de Atención xa foron notificados e está recibindo o Servizo de Axuda no Fogar desde o 21/02/2018.
3. [REDACTED], DNI [REDACTED], xa solicitara o recoñecemento da situación de dependencia en 2008. O 29/06/2017 solicita a revisión do seu grao de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia. Foi valorado o 27/12/2017, obtendo unha puntuación no BVD de 25,00 puntos, o que se corresponde cun grao I de dependencia. A resolución de recoñecemento da situación de dependencia asinouse o 12/02/2018 e está en proceso de notificación. O seu Programa Individual de Atención xa ten proposta e unha vez aprobado será notificado ao interesado.
4. [REDACTED], DNI [REDACTED] presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 10/04/2017. Foi valorada o 22/12/2017 obtendo unha puntuación no BVD de 47 puntos, o que se corresponde cun grao II de dependencia. A resolución de non recoñecemento da situación de dependencia asinouse o 12/02/2018. O seu Programa Individual de Atención xa ten proposta e unha vez aprobado será notificado ao interesado.
5. [REDACTED], DNI, presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción

da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 10/04/2017. Foi valorado o 22/12/2017 obtendo unha puntuación no BVD de 15 puntos, e polo tanto sen grao de dependencia. A resolución de non recoñecemento da situación de dependencia asinouse o 12/02/2018 e está en proceso de notificación.

6. [REDACTED], DNI [REDACTED] presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 10/04/2017. Foi valorada o 22/12/2017 obtendo unha puntuación no BVD de 66 puntos, o que se corresponde cun grao II de dependencia. A resolución de non recoñecemento da situación de dependencia asinouse o 12/02/2018. Xa ten o seu Programa Individual de Atención e está recibindo o Servizo de Axuda no Fogar desde o 21/02/2018.

7. [REDACTED], DNI [REDACTED] presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 08/05/2017. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 11/05/2017.

8. [REDACTED], DNI [REDACTED], presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 08/05/2017. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 11/05/2017.

9. [REDACTED], DNI [REDACTED], presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 23/05/2017. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 24/05/2017.

10. [REDACTED], DNI [REDACTED] presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 01/06/2017. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 01/06/2017.

11. [REDACTED], DNI [REDACTED], presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 01/06/2017. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 01/06/2017.

12. ██████████, DNI ██████████ presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 01/06/2017. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 01/06/2017.
13. ██████████, DNI ██████████ presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 02/06/2017. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 02/06/2017.
14. ██████████, DNI ██████████, presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 07/06/2017. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 13/06/2017.
15. ██████████ DNI ██████████ presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 07/06/2017. O día 27/07/2017 recibe no seu domicilio un escrito asinado o 12/07/2017 pala xefa do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Política Social, no que se lle comunica a iniciación do procedemento, se lle informa do número de expediente asignado (OU37490) e se lle require que envía un certificado de empadramento que acredite a súa residencia entre as datas 07/06/2015 a 22/06/2015. Con data de hoxe non foi recibida ningunha contestación a ese requirimento. O requirimento foi recibido no enderezo establecido a efectos de notificación (██████████ ██████████) por ██████████ (DNI ██████████) tal e como consta no expediente.
16. ██████████, DNI ██████████, presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 21/06/2017. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 28/06/2017.
17. ██████████, DNI ██████████, xa solicitara o recoñecemento da situación de dependencia en 2012, e obtivera 22,00 puntos no BVD o que non se correspondía cunha situación de dependencia. Ditouse resolución de non recoñecemento da situación de dependencia o 02/05/2012, o que lle foi notificado o 07/05/2012.

O 19/07/2017 solicita a revisión do seu grao de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia. Esta solicitude foi admitida a trámite mediante informe técnico de data 26/10/2017.

18. ██████████, DNI ██████████, presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 21/07/2017. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 21/07/2017.

19. ██████████ DNI ██████████ presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 21/07/2017. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 21/07/2017.

20. ██████████, DNI ██████████, presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 31/07/2017. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 04/08/2017.

21. ██████████ DNI ██████████ presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 04/08/2017. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 11/08/2017. O día 28/11/2017 recibe no seu domicilio un escrito asinado o 22/11/2017 pola xefa do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Política Social, no que se lle comunica a iniciación do procedemento, se lle informa do número de expediente asignado (OU37922) e se lle require que envía un informe de condicións de saúde emitido por un profesional do Servizo Galego de Saúde, doutras Administracións Públicas que traten habitualmente á persoa ou de entidades concertadas ou conveniadas coa Seguridade Social ou réximes especiais (ANEXO VIII-11). Esta documentación foi recibida na Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Política Social o día 12/12/2017.

22. ██████████, DNI ██████████, xa solicitara o recoñecemento da situación de dependencia en 2009, e obtivera 5,90 puntos no BVD o que non se correspondía cunha

situación de dependencia. Ditouse resolución de non recoñecemento da situación de dependencia o 04/02/2010, o que lle foi notificado o 19/02/2010.

O 21/08/2017 solicita a revisión do seu grao de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia. Esta solicitude foi admitida a trámite mediante informe técnico de data 06/02/2018.

23. ██████████, DNI ██████████, xa solicitara o recoñecemento da situación de dependencia en 2009, e obtivera 16,01 puntos no BVD o que non se correspondía cunha situación de dependencia. Ditouse resolución de non recoñecemento da situación de dependencia o 04/02/2010, o que lle foi notificado o 19/02/2010.

O 21/08/2017 solicita a revisión do seu grao de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia. Esta solicitude foi admitida a trámite mediante informe técnico de data 06/02/2018.

24. ██████████ DNI ██████████, xa solicitara o recoñecemento da situación de dependencia en 2010, e obtivera 42,32 puntos no BVD o que se correspondía cunha situación de dependencia de grao I nivel 2. Con data 17/12/2012 envióselle un requirimento de documentación necesaria, que recibiu no seu domicilio o 21/12/2012 e que nunca foi contestado. Por isto, o 19/04/2013 ditouse resolución que declaraba a caducidade do procedemento.

O 06/07/2017 presentou unha nova solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia. A solicitude tivo entrada no órgano correspondente o 12/07/2017.

Solicitudes dependencia 2016.

1. ██████████, DNI ██████████, presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 17/08/2016. O 13/12/2017 foi valorada e obtivo unha puntuación de 75,00 puntos no BVD, o que se corresponde cun grao III de dependencia con carácter permanente. O 05/02/2018

ditouse a resolución de recoñecemento da situación de dependencia grao III con 75,00 puntos. Esta resolución foille notificada á interesada o 12/02/2018. Xa ten resalto o seu Programa Individual de Atención e está recibindo o Servizo de Axuda no Fogar desde o 21/02/2018.

2. ██████████, DNI ██████████, presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 01/09/2016. O 13/12/2017 foi valorada e obtivo unha puntuación de 85,00 puntos no BVD, o que se corresponde cun grao III de dependencia con carácter permanente. O 12/02/2018 ditouse a resolución de recoñecemento da situación de dependencia grao III con 75,00 puntos. Esta resolución está en proceso de notificación. Xa ten resolto o seu Programa Individual de Atención e está no Programa de Asignación de Recursos desde o 21/02/2018.

3. ██████████, DNI ██████████, presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 08/09/2016. O 27/12/2017 foi valorada e obtivo unha puntuación de 16,00 puntos no BVD, o que non se corresponde con ningún grao de. O 12/02/2018 ditouse a resolución de non recoñecemento da situación de dependencia con 16,00 puntos. Esta resolución está en proceso de notificación.

4. ██████████ DNI ██████████, xa solicitara o recoñecemento da situación de dependencia en 2010, e obtivera 16,95 puntos no BVD o que non se correspondía cunha situación de dependencia. Ditouse resolución de non recoñecemento da situación de dependencia o 10/11/2012, o que lle foi notificado o 17/11/2012.

O 20/09/2017 solicita de novo a valoración do seu grao de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia. Foi valorada o 13/12/2017 obtendo 73,00 puntos no BVD, o que se corresponde cun grao II de dependencia. Dítase resolución de recoñecemento da situación de dependencia en grao II con 73,00 puntos o 12/02/2018. Esta resolución está en proceso de notificación. Xa está resolto o sei Programa Individual de Atención e está recibindo o Servizo de Axuda no Fogar desde o 21/02/2018.

5. ██████████, DNI ██████████, presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de

promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia o 20/09/2016. O 12/12/2017 foi valorada e obtivo unha puntuación de 53,00 puntos no BVD, o que se corresponde cun grao II de dependencia con carácter permanente. O 05/02/2018 ditouse a resolución de recoñecemento da situación de dependencia grao 111 con 75,00 puntos. Esta resolución foille notificada á interesada o día 09/02/2018. Está en proceso de elaboración o seu Programa Individual de Atención.

Solicitudes de revisión de grao de dependencia por empeoramento e aínda a espera de dependencia 2015

1. [REDACTED] DNI [REDACTED] ten recoñecido o grao I de dependencia desde a resolución de data 22/10/2015, que lle foi notificada o 27/10/2015, ao obter unha puntuación de 28,00 puntos no BVD. O seu Programa Individualizado de Atención de data 03/11/2015 foille notificado o 16/11/2015. O 04/11/2015 foi incluída no Programa de Asignación de Recursos, e de feito leva desde o 17/03/2016 recibindo o Servizo de Axuda no Fogar.

O 03/07/2017 solicita revisión do seu grao de dependencia. Esta solicitude foi admitida a trámite (data do informe técnico 19/10/2017) e está pendente de valoración.

2. [REDACTED] DNI [REDACTED] solicitou no ano 2009 a valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo ca establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia . Obtivo 48,38 puntos no BVD e recoñecéuselle o 03/12/2010 o grao 1 nivel 2 de dependencia con carácter permanente. No 2010 solicita revisión do seu grao de dependencia e foille denegada tras o informe técnico do 03/11/2011.

No 2014 solicita outra vez a revisión do seu grao de dependencia e tras ser valorada e obter 65,00 puntos no BVD, foille recoñecido o grao II de dependencia, feito que lle foi notificado o 22/09/2014.

No 2017 solicita outra vez a revisión do seu grao de dependencia e tras ser valorada e obter 95,00 puntos no BVD, foille recoñecido o grao III de dependencia, trala resolución do 12/02/2018, que está en proceso de notificación.

Como consecuencia destas distintas valoracións tamén tivo varios Programas Individuais de Atención.

Ca primeiro (grao I) , o seu PIA recollía o Servizo de Axuda no Fogar 30 horas/mes desde o 20/03/2011. Foi interrompido como consecuencia da solicitude que fixo da revisión de grao e nivel.

A consecuencia da revisión do ano 2014, desde o 23/01/2015 recibe o Servizo de Axuda no Fogar cunha intensidade de 21-45 horas/mes, tal e como recollía o seu PIA. O PIA correspondente á última revisión está en proceso de elaboración.

3. ██████████, DNI ██████████, solicitou no ano 2012 a valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo ca establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia do grao de dependencia . Obtivo 25,00 puntos no BVD e recoñécéuselle o 09/10/2012 o grao I de dependencia con carácter permanente. Foille notificado o 16/10/2012.

No 2013 solicita revisión do seu grao de dependencia e foi desestimada tras o informe técnico do 01/04/2013

O 22/06/2017 solicita nova revisión do seu grado de dependencia. Esta resolución foi estimada tras o informe técnico do 20/10/2017.

Desde o 17/03/2016 recibe o Servizo de Axuda no Fogar.

Informe do servizo de dependencia e autonomía persoal da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Política Social, aplicable a tódolos casos.

As causas do retraso na valoración de grao de dependencia da persoa solicitante son debidas á actual carga de traballo do persoal técnico valorador do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Política Social.

Os expedientes que están en fase de tramitación para a elaboración e resolución do Programa Individual de Atención, tramítanse respectando a orde de prelación establecida normativamente para a instrución do procedemento que dá prioridade ás persoas dependentes con maior grao de dependencia e menor capacidade económica”.

ANÁLISE

1. Coa información transcrita confírmase que moitos dos procedementos de dependencia se retrasaron ou seguen retrasados, tanto na fase de valoración ou revisión desta como na de asignación do programa de atención.

2. O Decreto 15/2010 conforma dúas fases do procedemento, unha para valorar e outra para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).

3. Os expedientes deberan atoparse resoltos nos prazos previstos; as demoras prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, as queixas por este motivo reflicten un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e cuidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

4. A consellería sinala que a causa do retraso nas valoracións é actual carga de traballo do persoal técnico valorador do servizo competente da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Política Social. E que os expedientes que están pendentes do Programa Individual de Atención tramítanse respectando a orde de prelación para o procedemento, que dá prioridade ás persoas dependentes con maior grao e menor capacidade económica.

Porén, a actual carga de traballo ou o feito de que se respecte a orde de prelación prevista non poden considerarse xustificacións dos retrasos respecto dos prazos legais.

5. As persoas que reclaman por esta forma de actuar demandan a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os amparará especialmente para o goce dos dereitos que este Título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre os expedientes obxecto das queixas aínda pendentes, relativos ás valoracións e prestacións ou servizos derivados da lei de dependencia. Moitos dos expedientes tratados están demorados, de acordo cos prazos previstos, o que debe evitarse, posto que prexudica aos afectados.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente,

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo